

D.JOSE LUIS RODRIGUEZ VARELA , na sua calidade de VICE-PORTAVOZ do Grupo Municipal Popular no Concello de Monforte de Lemos , o abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación municipal, a seguinte

**PROPOSTA DE ACORDO PARA INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO
DO CONCELLO DE MONFORTE QUE O PRESUPUESTO
DESTINADO PARA INSTALAR A FONTE NO PARQUE DOS
CONDES SE DESTINE A OUTROS FINES EN BENEFECIO DE TODOS
OS MONFORTINOS .**

ANTECEDENTES

O proxecto presentado ante os medios de comunicación polo señor ALCALDE de esta cidade y presidente da DIPUTACION DE LUGO , Don Jose Tome Roca , para a construción dunha fonte de 25 metros de diámetro na zona do Parque dos Condes, cunha inversión que se vai elevar a 677.000 euros, no nos parece apropiado nestes instantes, nin polo tipo de obra nin polo lugar elixido.

Dita obra provocará a eliminación de importante vexetación, así como árbores que levan anos plantados, medrando co tempo, dando lugar a un espazo privilexiado no centro da cidade que desfrutan moito os veciños sobre todo naquelas épocas de máis calor.

Cabe destacar que son os veciños xubilados e de máis idade os que desfrutan de este entorno, e lamentamos, non solo que se lles elimine o espazo tal e como viñan desfrutando, se non que tamén, non se lles ocorra habilitar un lugar cuberto para que poidan estar incluso con mal tempo.

Aínda que este grupo municipal sempre felicitou o equipo de goberno cando as obras realizadas son de sentido común, tamén temos que alertar cando o que se vai a realizar non é así, pois non solo se trata de traer cartos se non de invertelos con sentidiño.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Popular presenta a seguinte proposta de acordo para o seu debate e aprobación no Pleno:

1º.- instar o equipo de goberno a que estudie a posibilidade de proceder a suspensión da publicación do contrato e a súa modificación, eliminando a construción da fonte, e no seu lugar instalar nas inmediacións un espazo cuberto en consonancia co entorno para que as persoas que veñen desfrutando de ese lugar, e en xeneral todos os veciños, o poidan facer sempre, a pesar das inclemencias do tempo.

2º.- Subsidiariamente, en caso de que non sexa viable a suspensión e modificación do contrato, valorar unha actuación de construción dun espazo cuberto en consonancia co entorno para que as persoas que veñen desfrutando de ese lugar, e en xeneral todos os veciños, o poidan facer sempre, a pesar das inclemencias do tempo.

3º.- instar o equipo de goberno que cando firme convenios con outras administracións, como neste caso, para traer inversións para Monforte, o faga con máis sentidiño e menos para a gloria do Alcalde.